

BÁLSAMO

“Corpos paisaxe”, “Itinerario de silencios” e “Luz de equinoccio” son as tres partes en que se estrutura o último poemario que vén de dar ó prelo Modesto Fraga. Trátase de *Ese extraño silencio*, un libro onde afonda nos temas que xa sobranceaban nas súas obras anteriores: a paisaxe mariña vivida dun xeito introspectivo e o amor como eixo da existencia dun ser que se ve abocado, agora, á perda e ó silencio: “Agoiro, tamén, no espacio/ a senda da fuxida derradeira, / sen naves que retornen./ E desexo a distancia que nos leve/ novamente ás augas/ de onde viñemos xuntos,/ escravos dunha mesma carne/ na procura de novos horizontes”. Á fin, “un rumor calado que no silencio ecoa” é o único bálsamo para o ser que sofre.

Tempos Novos, 69, febreiro 2003, p. 73